



Un brindis virtual e colectivo polo viño con Denominación de Orixe

Este sábado día 9 de maio, ás 13:30 horas, animámosvos a que descorchedes unha botella de viño con Denominación de Orixe, sirvádesvos unha copa e participedes nun brindis colectivo nunca visto ata o momento.

Ás 13:30, desde todos os puntos do país, unirémonos para **celebrar as cousas boas e sinxelas da vida, como o é compartir un viño**. Ademais, servirá para mostrar todo o noso apoio ás denominacións de orixe, agricultores, adegueiros e produtores, a todo un sector que vive momentos incertos e que necesita máis que nunca sentirnos preto.

Para iso, convidámosvos a que subades as vosas fotos, vídeos, comentarios ou o que queirades co hashtag **#BrindisMovimientoVinoDO** e que nos ensinedes que non fai falta estar xuntos para estar xuntos. E se ademais decídesnos qué música estades escoitando, poderemos facer entre todos unha lista de **reproducción en Spotify** con eses temas cos que saborear unha copa de viño con Denominación de Orixe.

A situación actual impídenos reunirmos, gozar da compañía dos nosos amigos e familia, con todo, temos todo ao noso alcance para que iso non sexa un impedimento e poidamos gozar dunha copa de viño con Denominación de Orixe en compañía (virtual) de todos eles. Anímate e participa!

O DÍA MOVIMIENTO VIÑO D.O. está promovido pola **Conferencia Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas (CECRV)**, a asociación sen ánimo de lucro que representa ás Denominacións de Orixe de viño de España.

Desde o C.R.D.O.R.S. organizamos desde o día 6 ata o 13 deste mes un concurso de fotos celebrando o día #MovimientoVinoDO. Consulta na nosa web e redes sociais e participa. Os premios daranche a posibilidade de coñecer a Ruta do Viño da Ribeira Sacra.